

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DUN PASO PARA PECES NA PRESA DO REI. CONCELLO DE NARÓN (A CORUÑA) MEDIANTE O PROCEDIMENTO DE CONCURSO ABERTO**

1.- XUSTIFICACIÓN DO CONCURSO.

2.- CLÁUSULAS XERAIS.

- 2.1.- Obxecto do contrato.
- 2.2.- Orzamento de licitación
- 2.3.- Existencia de crédito.
- 2.4.- Prazo de execución das obras.

3.- CLÁUSULAS ESPECIAIS DE LICITACIÓN.

- 3.1.- Capacidad para contratar dos licitadores.
- 3.2.- Presentación de proposicións.
- 3.3.- Contido das proposicións.
  - 3.3.1.- Sobre A
  - 3.3.2.- Sobre B
- 3.4.- Constitución e funcionamento da Mesa.Criterios de baremación.
- 3.5.- Documentación a esixir previa a adxudicación.
- 3.6.- Adxudicación.
- 3.7.- Formalización do contrato.
  - 3.7.1.- Documentación.
  - 3.7.2.- Garantía definitiva.
  - 3.7.3.- Documento de formalización.
  - 3.7.4.- Réxime xurídico do contrato.
- 3.8.- Comprobación de replanteo e acta de inicio
- 3.9.- Dereitos e obrigas das partes.
  - 3.9.1.- Execución das obras.
  - 3.9.2.- Pagamento do prezo.
  - 3.9.3.- Revisión de prezos.
  - 3.9.4.- Taxas de dirección.
  - 3.9.5.- Modificacións do contrato.
  - 3.9.6.- Outras obrigas do contratista.
- 3.10.- Subcontratación.
- 3.11.- Suspensión das obras.
- 3.12.- Recepción das obras e prazo de garantía
- 3.13.- Certificación final de obra e liquidación do contrato
- 3.14.- Resolución do contrato.
- 3.15.- Responsabilidade por vicios ocultos

# **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DUN PASO PARA PECES NA PRESA DO REI. CONCELLO DE NARÓN (A CORUÑA) MEDIANTE O PROCEDIMENTO DE CONCURSO ABERTO**

## **1.- XUSTIFICACIÓN DO CONCURSO**

Este Concurso xustifícase en atención ó disposto no artigo 85. b) e d) do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP), toda vez que considérase que o proxecto aprobado pola Administración é susceptible de ser mellorado por outras solucións técnicas, a propoñer polos licitadores mediante a presentación de variantes ou, cando así se determine no Cadro resumo, require o emprego de tecnoloxía especialmente avanzada ou presente particular complexidade na súa execución.

O tipo de expediente - ordinario ou urgente - especificase no cadro resumo do presente prego. No suposto de tramitación urgente o expediente deberá conte-la declaración de urgencia feita polo órgano de contratación e debidamente motivada.

## **2.- CLÁUSULAS XERAIS**

### **2.1.- OBXECTO DO CONTRATO**

O presente Prego ten por obxecto a contratación da obra que se describe no apartado A do Cadro resumo, no que, ademais, se especificarán as necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato e os factores de toda orde a ter en conta.

A contratación regularase polo establecido neste Prego, polo TRLCAP e polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP) así como polo Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para la contratación de obras do Estado aprobado por Decreto 3854/1970, do 31 de decembro, no que resulte de aplicación.

As Bases Técnicas do concurso, cantos requisitos se esixan e datos complementarios existan e se estimen de interese pola Administración, estarán á disposición dos concursantes, para o seu exame durante o prazo de presentación de proposicións, tódolos días laborais durante as horas hábiles de oficina, na **Dirección Xeral de Conservación da Natureza** (San Lázaro s/n, Santiago de Compostela).

### **2.2.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN**

O orzamento de contrata do proxecto aprobado pola Administración ascende á cantidade e distribución de anualidades que se indican no Cadro Resumo. Entenderase que o presuposto aprobado pola Administración, comprende tódolos gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución da obra contratada, as taxas pola prestación dos traballos de inspección e dirección das obras e calquera outras que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes, a máis de toda clase de impostos e licencias tanto municipais, provinciais e/ou estatais.

Tamén se deben entender comprendidos no orzamento, ademais do importe do Imposto sobre o Valor Engadido que poida corresponder de conformidade co disposto na lexislación vixente e sempre referido ao tipo vixente na data de subscrición da proposición económica, tódolos impostos e taxas que se devenguen por razón do contrato, sen que, polo tanto poidan ser éstes presentados como partidas independentes. En particular, entenderanse comprendidos, tanto a licenza municipal de obras como o imposto de instalacións, construcións e obras.

### **2.3.- EXISTENCIA DE CRÉDITO**

Nos presupostos da Consellería de Medio Ambiente existe crédito preciso para atender as obrigas económicas que se deriven do cumprimento deste contrato.

### **2.4.- PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O prazo previsto de execución das obras será o fixado no Cadro Resumo, Apartado H, e en ningún caso, nin coa presentación de variantes do proxecto, poderá excederse o mesmo. No Cadro Resumo poderanse especificar os prazos parciais que darán motivo ás recepcións parciais a que se refire o artigo 147.5 do TRLCAP.

O prazo total de execución será o sinalado na resolución de adxudicación e os prazos parciais serán os que se fixen na aprobación do programa de traballo.

Os prazos comezarán a contar a partir da data de sinatura da Acta de comprobación do replanteo e inicio das obras.

A devandita Acta e os prazos parciais que poidan fixarse ao aprobar o Programa de Traballo, cos efectos que nesta aprobación se determinen, entenderanse integrantes do contrato, para os efectos da súa esixibilidade.

A demora no cumprimento do prazo total ou, no seu caso, dos prazos parciais –que neste procedemento correspóndense ós fitos de obra predeterminados no plan de traballo- facultan á Administración contratante á aplicación das penalidades previstas no artigo 95 do Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas (en adiante TRLCAP) e, nos casos previstos, á resolución do contrato.

Conforme co artigo 99 RXLCAP o importes destas penalidades faranse efectivos mediante dedución dos mesmos nas certificacións de obras, ou de selo caso, da garantía, e sen que a aplicación e pago das mesmas exclúa a indemnización á que a Administración poida ter dereito polos danos e perdas ocasionados polo atraso do contratista.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración

Se o atraso fora producido por motivos non imputables ao contratista, estarase ao disposto no artigo 96.2 do TRLCAP.

## **3.- CLÁUSULAS ESPECIAIS DE LICITACIÓN.**

### **3.1.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR DOS LICITADORES**

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar e acreditando a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, requisito este último que será substituído pola correspondente clasificación, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coa Administración, sinaladas no artigo 20 do TRLCAP.

A proba, por parte dos empresarios, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración sinaladas no artigo 20 do TRLCAP poderá realizarse mediante testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa (ver Anexo II), notario público ou organismo profesional cualificado.

A proba de capacidade das empresas examínase de acordo co establecido no artigo 15 do TRLCAP e nos artigos 9 e 10 do RXLCAP.

As empresas estranxeiras non comunitarias deberán ter ademais sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Poderán, ase mesmo, presentar proposicións as unións temporais de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co disposto no artigo 24 TRLCAP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme aos artigos 15 a 19 do TRLCAP e aos artigos 9 a 16 RXLCAP, ou, de selo caso, a clasificación nas condicións establecidas no artigo 52 RXLCAP, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ostenta a representación de todos eles fronte á Administración e que asume o compromiso de constituírse en Unión Temporal de Empresas, no caso de resultar adxudicatarias (artigo 24 RXLCAP).

### **3.2.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.**

Para participar no concurso, o licitador deberá presentar no **Rexistro Xeral da Consellería de Medio Ambiente (San Lázaro s/n. 15781 - Santiago de Compostela)** -dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación-dous sobres pechados: A e B, coa documentación que logo se especifica, indicando en cada un -de forma lexible- o concurso ao que concorre, nome do ofertante e fax, nome e apelidos de quen asine a proposición e o carácter con que o fai.

O licitador tamén poderá enviar os sobres aos que se refire o parágrafo anterior por correo dentro do prazo de admisión expresado no anuncio. Neste caso, o licitador xustificará a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciará a este Organismo a remisión da oferta mediante telegrama ou fax (nº 981541750) no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida por este Organismo con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Non obstante, transcorridos os dez días naturais seguintes á data de imposición indicada sen recibir a proposición, ésta non será admitida en ningún caso.

### **3.3.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.**

No interior dos sobres A e B o licitador especificará nun índice a documentación contida.

#### **3.3.1.- SOBRE "A": CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

Se o licitador estivera **inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia** quedará exento de presentar a documentación que conste no devandito Rexistro, acreditativa dos extremos relativos á capacidade para contratar, cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social e clasificación do contratista. Aos indicados efectos deberá facerse constar no exterior do sobre «A», que a empresa se atopa inscrita neste Rexistro con indicación do seu número de inscrición.

De **non estar inscrito** no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma, os licitadores deberán aportar no sobre "A" a documentación seguinte, que en todo caso poderá presentarse en orixinal ou mediante copias que teñan o carácter de auténticas de conformidade coa lexislación vixente:

##### **3.3.1.1.- Acreditativa da capacidade:**

-Se o licitador fora persoa xurídica: escritura de constitución ou modificación debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora, mediante a presentación da escritura ou documento de constitución e de modificación, ou de se-lo caso, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade inscritos no correspondente rexistro oficial.

-Para os empresarios individuais será obrigatoria a presentación de fotocopia compulsada do DNI ou documento que regulamentariamente o substituíra.

-Poder declarado bastante por letrado da Xunta de Galicia, e fotocopia compulsada do documento nacional de identidade do apoderado.

-Declaración responsable outorgada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar previstos no artigo 20 do TRLCAP. Esta declaración comprenderá expresamente a circunstancia de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de atoparse ao corrente no pagamento do Imposto de Actividades Económicas (IAE) e de encontrarse ao día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social (Ver anexo II).

Non obstante, poderán presentar os certificados de acreditación do cumprimento das citadas obrigas, o que eximirá a súa presentación posteriormente no caso de resultar adxudicatario do contrato, salvo no suposto de que se atoparan caducados, para o que deberán presentar a oportuna renovación destes.

- Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á Administración.

-Tratándose de **contratistas estranxeiros**, deberán aportar os documentos seguintes, traducidos oficialmente aos idiomas castelán ou galego:

a) Os empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou signatarios do acordo sobre o espazo económico europeo, acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican regulamentariamente, en función dos diferentes contratos.

b) Ademais, as empresas de estados non membros da Unión Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a presentación dos seguintes documentos:

\* Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

\* Informe da representación diplomática española sobre a condición de Estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio. En caso contrario o informe de reciprocidade ao que se refire o artigo 23.1 do TRLCAP.

Será necesario, ademais, que as empresas estranxeiras non comunitarias teñan aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e que estean inscritas no Rexistro Mercantil.

c) Todos os contratistas estranxeiros deberán aportar declaración solemne de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois para a resolución de calquera incidencia que puidera xurdir na formalización e execución dos contratos.

**3.3.1.2.- Acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica** mediante certificación da inscrición no Rexistro Oficial correspondente, expresiva da clasificación do contratista, xunto coa declaración da súa vixencia, que habilite para contratar obras do grupo, subgrupo e categoría definidas no apartado F do cadro resumo do presente prego.

Os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, acreditarán a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos nos artigos 16 e 17 do TRLCAP, así como a súa inscrición no Rexistro ao que se refire o artigo 20, letra i) do TRLCAP.

A clasificación das agrupacións de empresas verificarase mediante acumulación, nos termos regulamentarios procedentes, das características de cada un dos asociados expresadas nas súas respectivas clasificacións de acordo co establecido artigo 31 do TRLCAP. En todo caso, e ao abeiro do disposto no artigo 52 RXLCAP, será requisito básico para a acumulación das citadas características que todas as empresas que concorran na unión temporal á licitación do contrato obtiveran previamente clasificación como empresa de obras en relación co contrato ao que opten, agás cando se trate de empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea, caso no que, para a valoración da súa solvencia concreta respecto da Unión Temporal, estarase ao disposto nos artigos 15.2, 16, 17 e 19 do TRLCAP.

**3.3.1.3.- Garantía provisional:** De conformidade co artigo 35.1 do TRLCAP dispénsase nos presentes procedementos da prestación de garantía provisional, agás nos suposto de contratos de contía igual ou superior á sinalada no artigo 135.1 (5.923.624 euros) no que se deberá aportar documento orixinal que acredite a constitución de garantía provisional por un importe do 2% do presuposto de licitación en calquera das modalidades previstas no artigo 35 do Texto Refundido.

**3.3.1.4.- Certificado de incompatibilidades:** As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competente, que non forman parte dos órganos de goberno ou administración destas, persoa ningunha ás que se refiren as Leis 12/1995, do 11 de maio, e 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas e a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral.

A devandita prohibición acada igualmente aos cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persoas ostenten a súa representación legal.

### **3.3.2.- SOBRE "B": REFERENCIAS TÉCNICAS E PROPOSICIÓN ECONÓMICA**

**3.3.2.1.- Programa de execución da obra** que asegure a súa execución nos prazos (totais e parciais) e anualidades previstos no cadro resumo, describindo as previsións de tempo e custo nun diagrama de barras obtido a partir dun estudio de tempo-actividades.

Deberá presentarse un plan esquemático do programa de obras e traballos a realizar, con indicación das datas de remate das distintas fases, do importe mensual e acumulado a prezos de proxecto, con definición da organización e coordinación do proceso no espazo e no tempo.

Deberá presentarse un plan de traballo do tipo camiño crítico con especificación das folgas total e libre das actividades, e un diagrama representando a escala de tempo coa inversión mensual e acumulada en porcentaxe total. Para o seu cálculo, suporase como data de inicio dous meses a partires da data de presentación de proposicións.

No caso de ofertar unha redución de prazo, a empresa presentará ademais un novo programa igualmente documentado, acompañado das debidas xustificacións para que a Administración conte coa absoluta garantía de que o prazo ofrecido pode ser razoablemente cumprido sen menoscabo da calidade de execución da obra.

No caso de que a Administración acepte a proposta, esta pasará a ser contractual, de ser adxudicataria a empresa licitadora.

O plan de obra deberá ser realizable cos medios ofrecidos e non poderá superar, en ningún caso, o prazo de execución establecido no prego.

**3.3.2.2-** Documento no que a empresa se comprometa a ter como **delegado de obra**, con capacidade suficiente para representala en todo canto afecte á execución de obra, a un facultativo con dedicación plena durante

o tempo de execución da obra, sendo ademais responsable en materia de prevención de riscos laborais por parte do contratista.

A empresa deberá acreditar a experiencia do facultativo delegado na dirección de obras de natureza análoga en que participou, así como do equipo técnico que se vaia a adscribir á obra, en función da importancia do proxecto, e xuntará curriculum detallado deles.

A substitución do delegado proposto ao longo da obra, será por técnico de análogo perfil profesional e deberá ser aprobada pola dirección facultativa da obra previo informe favorable da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. A Administración, a instancia da dirección facultativa ou do Servizo Técnico Provincial, por resolución motivada, poderá esixir en calquera momento o cambio de facultativo e persoal técnico adscrito á obra.

No caso de resultar propostos como adxudicatarios, presentarase na Dirección Xeral de Conservación da Natureza, con anterioridade á sinatura do contrato administrativo, unha copia do contrato laboral que vincule a empresa co técnico proposto como delegado, cunha duración mínima igual ao tempo de duración da obra, así como o compromiso de dispoñibilidade do citado técnico en toda a Comunidade Autónoma, durante a execución da obra. A non presentación dos citados documentos habilita á Consellería de Medio Ambiente para a resolución da adxudicación.

**3.3.2.3.- Plan de control da calidade da obra e dos materiais** que a empresa manterá durante a súa execución, especificando a porcentaxe que asigne a tal efecto.

Deberase presentar o plan de control de calidade da obra que a empresa manterá durante a execución da mesma así como melloras ou alternativas ao control de calidade final que se esixe no Prego de Cláusulas Técnicas.

No plan de control de calidade deberán especificarse as distintas fases de execución da obra.

O plan de control de calidade así como os controis previos de calidade dos materiais garantirán o cumprimento de todas as disposicións legais vixentes en cada un dos apartados, sen prexuízo de que, se resultase adxudicatario, haberá de atender as instrucións que a este respecto formule o director de obra.

**3.3.2.4.- Plan de utilización de equipos, maquinaria e medios auxiliares** que a empresa se compromete a poñer a disposición da obra para a execución dos distintos traballos e compromiso de mantelos ou incorporalos á mesma sempre que sexan requiridos pola dirección facultativa.

Nesta relación especificaranse os rendementos medios semanais e previsión de días de posta a disposición na obra e indicaranse aqueles que son propiedade da empresa licitadora.

A dispoñibilidade de maquinaria propia que se vai comprometer na obra, no caso de resultar adxudicatario, acreditarase mediante copia compulsada de factura de compra, seguro ou calquera outro documento que permita comprobar este feito.

En caso de que a maquinaria non sexa propia, aportarase compromiso escrito de aceptación doutras empresas que asegure a dispoñibilidade de maquinaria precisa en caso de resultar adxudicatario.

En todo caso, a relación deberá ser suficiente para o normal desenvolvemento e remate da obra nas condicións e prazos contratados.

**3.3.2.5.- Plan de execución de entibados e protección do medio fluvial.** Deberase presentar un plan de execución dos entibados ou de posta en seco da obra así como as medidas de protección do medio acuático fronte ás diferentes actividades desenvolvidas na execución da obra.

Igualmente presentarase un plan de control ambiental que prevea e valore as posibles afeccións dos traballos, e os seus posibles efectos no medio acuático, propoñéndose as medidas de seguemento e evitación das consecuencias destas actividades.

**3.3.2.6.- Melloras técnicas:** Admitiranse aquelas medidas que melloren a calidade técnica do proxecto licitado en relación cos seguintes criterios:

- Melloras en materiais.

- Melloras nos procesos constructivos.
- Melloras nos acabados da estrutura para facilitar a integración da mesma no entorno.

#### 3.3.2.7.- Proposición económica:

O prezo total da oferta comprenderá toda clase de gastos derivados do contrato e a súa presentación supón a aceptación incondicional polo interesado das cláusulas deste Prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

O prezo total da oferta comprenderá toda clase de gastos derivados do contrato e a súa presentación supón a aceptación incondicional polo interesado das cláusulas deste Prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

A todos os efectos entenderase que a oferta económica comprende, non só o prezo do contrato, senón tamén o importe sobre o Valor Engadido (IVE) que, nembargantes, deberá ser repercutido como partida independente nos documentos que se presenten ao cobro, sen que o importe global contratado experimente incremento como consecuencia da consignación do tributo repercutido.

A proposición económica presentarse escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borrachos que impidan coñecer claramente o contido da oferta a xuízo da Administración.

En canto ao rexeitamento de proposicións estarase ao disposto no artigo 84 do RXLCAP.

### 3.4. CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA MESA.

A mesa de contratación estará constituída por unha presidencia, un mínimo de catro vocais e unha secretaria designados polo órgano de contratación. Entre os vocais deberá figurar necesariamente un representante da Asesoría Xurídica Xeral e da Intervención Xeral da Xunta de Galicia.

Ao amparo do previsto nos artigos 81 e 88 do Texto Refundido da LCAP e no artigo 81 do RXLCAP, a Mesa de Contratación examinará previamente a documentación administrativa (Sobre A) correspondente aos licitadores. Se como resultado da cualificación dos documentos a Mesa de Contratación observa defectos materiais susceptibles de emendar, comunicarllo verbalmente aos interesados **no mesmo día mediante comunicación telefónica ao número indicado polo ofertante no sobre A, procedéndose, así mesmo, á notificación por fax ou telegrama ao número ou dirección igualmente indicados**, sen prexuízo da súa publicación no taboleiro de anuncios do Consellería De Medio Ambiente (servizos centrais), concedéndose un prazo non superior a tres (3) días hábiles para a súa emenda ante a propia Mesa de contratación, mediante escrito dirixido ao Secretario da mesma e presentado no Rexistro xeral dos Servizos Centrais do organismo contratante.

A Mesa, unha vez cualificada a documentación anterior e rectificadas, de se-lo caso, os defectos ou omisións observados na documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección das mesmas, a que fai referencia a cláusula 3.3.1.2 do presente prego, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

Para os efectos previstos nos artigos 15 a 20 do TRLCAP e de acordo co disposto no artigo 22 do TRLCAP, o órgano e a Mesa de contratación poderán acadar do empresario aclaracións sobre certificados e documentos presentados ou requirilo para a presentación doutros complementarios, o que deberá cumprimentar no prazo de cinco (5) días, sen que poidan presentarse despois de declaradas admitidas as ofertas conforme ao disposto no artigo 83.6 RXLCAP.

No **acto público de apertura de proposicións**, celebrado no lugar, data e hora sinalados no anuncio de licitación, procederase de acordo co disposto no artigo 83 do RXLCAP. Comezará o acto dándose lectura ao anuncio do contrato e do certificado emitido polo Xefe do Rexistro confrontando os datos co reconto das proposicións e nome dos licitadores presentados.

A Presidencia da mesa manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e a causa ou causas do rexeitamento destas últimas.



Antes da apertura da primeira proposición invítase aos licitadores interesados a manifestar as dúbidas que teñan ou pedir as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola Mesa as aclaracións e contestacións pertinentes, pero se que nese momento poida facerse cargo de documentos non aportados no prazo de presentación de ofertas ou o de corrección ou subsanación de defectos outorgado.

Unha vez efectuada a apertura das proposicións, a mesa de contratación procederá a determinar a proposición inicialmente máis vantaxosa e, de acordo co artigo 81 do TRLCAP solicitará, antes de formular a súa proposta, os informes técnicos oportunos.

A continuación invítase aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas contra o acto celebrado, as que deberán formularse por escrito e no prazo máximo de dous días hábiles seguintes ao do acto, dirixíndose ao órgano de contratación, o que, previo informe da mesa de contratación, resolverá o procedemento con pronunciamento expreso sobre as reclamacións presentadas na adxudicación do contrato.

Concluído o acto, levantarase acta que reflicta fielmente o sucedido e que será asinada pola Presidencia e Secretaría da mesa de contratación e polos que tiveran presentado as súas reclamacións ou reservas.

Obtidos os informes técnicos ou xurídicos pertinentes, a Mesa de contratación concretará expresamente a proposición máis vantaxosa sobre a que formulará proposta de adxudicación do contrato. Todo isto sen prexuízo de que, de acordo co artigo 95.5 do TRLCAP unha vez efectuada a adxudicación, o órgano de contratación comunique a todo candidato ou licitador rexeitado que o solicite, no prazo de quince días a partir da recepción da súa candidatura ou da súa proposición e as características da proposición do adxudicatario determinantes da adxudicación o seu favor.

### **Criterios de baremación**

a) Para a valoración das proposicións a Mesa de Contratación poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos e, en todo caso, deberá ter en conta o seguinte baremo de puntuación referido ao contido do Sobre de referencias técnicas.

**3.3.2.1.- Programa de execución das obras:** ata 5 puntos.

**3.3.2.2.- Delegado de obra:** ata 4 puntos.

**3.3.2.3.- Plan de control da calidade da obra e dos materiais:** ata 4 puntos.

**3.3.2.4.- Plan de utilización de equipos, maquinaria e medios auxiliares:** ata 3 puntos.

**3.3.2.5.- Plan de execución de entibados e protección do medio fluvial:** ata 5 puntos

**3.3.2.6.- Melloras técnicas:** ata 6 puntos. – Conforme ao seguinte

- Melloras en materiais ata 1 punto

- Melloras nos procesos constructivos ata 1 punto

- Melloras nos acabados da estrutura para facilitar a integración da mesma no entorno ata 4 puntos

**3.3.2.7.- Oferta económica:** ata 6 puntos.

A oferta económica valorarase mediante interpolación lineal decrecente de 6 a 0 puntos. Obterá a maior puntuación a oferta económica máis baixa.

Serán consideradas como baixas temerarias ou desproporcionadas, as ofertas presentadas cunha porcentaxe de baixa que exceda en dez unidades, polo menos, da media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións presentadas polas empresas.

De conformidade co establecido no artigo 83.3 do TRLCAP, o carácter desproporcionado ou temerario das baixas, apreciarase de acordo co criterio establecido no punto anterior e a súa declaración requirirá a previa solicitude

de información a tódolos licitadores supostamente comprendidos nela, así como o asesoramente técnico do servizo correspondente.

En todo caso, as ofertas económicas incursas en presunción de temeridade, serán valoradas con 0 puntos en este apartado.

A declaración de que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de resultar desproporcionada, esixirá a notificación, pola Mesa, desta circunstancia aos interesados así como o asesoramento técnico do servizo correspondente.

Sen embargo, o órgano de contratación poderá, previos os informes adecuados e a audiencia do adxudicatario, adxudicar o contrato a algunha das empresas que de acordo co parágrafo anterior deberan de quedar excluídas. Cando a adxudicación se realice a favor dalgunha empresa na que a súa proposición estivera inicialmente incursa en presunción de temeridade, esixiráselle unha garantía definitiva do 20 por 100 do presuposto base de licitación.

As proposicións de carácter económico que formulen individualmente sociedades pertencentes a un mesmo grupo non poden ser consideradas para os efectos de establecer o prezo de referencia para valorar as ofertas económicas e identificar as que deben considerarse como desproporcionadas ou temerarias. Deste xeito, presentadas distintas proposicións por estas empresas, tomarase unicamente para aplicar o réxime apreciación de ofertas desproporcionadas ou temerarias a oferta máis baixa, producíndose a aplicación dos efectos derivados do procedemento establecido para a apreciación das ofertas desproporcionadas o temerarias respecto das restantes ofertas formuladas polas empresas do grupo.

b) Non obstante o anterior, e sempre antes da apertura da oferta económica, o órgano de contratación, por proposta da Mesa, poderá non considerar as ofertas presentadas por aquelas empresas nas que, aínda alcanzando a puntuación mínima esixida, se aprecien causas, debidamente motivadas no expediente, que xustifiquen a súa exclusión.

### **3.5.- DOCUMENTACIÓN A ESIXIR PREVIA Á ADXUDICACIÓN**

No suposto de non se ter presentado no Sobre A de Documentación Xeral, aos que vaian a resultar adxudicatarios do contrato, esixíraselles antes da adxudicación, de acordo co establecido no artigo 79.2 do TRLCAP:

- Certificación acreditativa de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal nos termos establecidos nos artigos 13 e 14 do RXLCAP
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Economía e facenda nos termos establecidos nos artigos 13 e 14 do RXLCAP
- Certificación acreditativa de atoparse ao día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social nos termos establecidos nos artigos 13 e 14 do RXLCAP
- Orixinal ou copia cotexada do alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao Proxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou derradeiro recibo completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

Sen prexuízo de acreditar o alta do imposto, no suposto de a toparse nalgunha das exencións establecidas no artigo 83.1, apartados b), e) e f) da Lei 39/88, reguladora das facendas locais, deberá acreditarse mediante resolución expresa da concesión da exención da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros respecto ós suxeitos pasivos anunciados na letra c) do artigo 83.1 xunto cunha copia da declaración do imposto de sociedades onde conste a cifra de negocios do penúltimo ano anterior ó devengo do imposto, con excepción das persoas físicas.

Para os efectos establecidos nos artigos 15 a 20 do TRCAP o órgano e a mesa de contratación poderán acadar do empresario aclaracións sobre as certificacións e documentos presentados ou requirirille para a

presentación de outros complementarios ou que deberá cumprimentar no prazo de cinco días sen que podan presentarse despois de declaradas admitidas as ofertas presentadas conforme ao disposto no artigo 83.6 do RCAP.

Para a presentación das citadas certificacións concédese un prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde a notificación do requirimento pola Administración.

No caso de que na data de formalización do contrato os ditos certificados se achegaran caducados será preciso presentar a oportuna renovación destes.

Se a empresa estivera inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, o certificado expedido por este, que se solicitará de oficio pola Administración, surtirá plenos efectos en relación ao indicado no parágrafo anterior.

### **3.6.- ADXUDICACIÓN**

A Mesa de Contratación, de acordo co disposto no artigo 88 do TRLCAP elevará as proposicións xunto coa acta e a proposta de adxudicación así como coas alegacións presentadas ao órgano de contratación. A Administración terá, alternativamente, a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa de conformidade cos criterios de adxudicación sen atender necesariamente ao valor económico da mesma ou declarar deserto o concurso.

O órgano de contratación adxudicará o contrato no prazo máximo de tres meses, contados desde a apertura das proposicións. De non resolverse a adxudicación nese prazo o empresario ten dereito a retirar a súa proposición e a que se lle devolva, de se-lo caso, a garantía depositada.

As proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas sen abrir e as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no seu expediente. Adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se tiveran interposto, a documentación que acompaña ás proposicións quedará a disposición dos interesados.

A notificación e publicación das adxudicacións farase de acordo co artigo 93 do TRLCAP.

### **3.7.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

#### **3.7.1.- Documentación**

Dentro do prazo de 15 días, a contar a partir do seguinte á notificación da adxudicación, á empresa adxudicataria deberá aportar:

- Documento que acredita a constitución e posta a disposición do CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE de garantía definitiva por importe do 4% do importe da adxudicación ou, cando o prezo do contrato se determine en función de prezos unitarios, polo 4% do presuposto base de licitación. Tal circunstancia farase constar no cadro resumo do prego.
- No caso de empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante a Administración a constitución da agrupación formalizada en escritura pública nos termos do artigo 24.1 do TRLCAP e CIF desta.
- Resguardo do pagamento da totalidade dos anuncios publicados no Diario Oficial de Galicia, e de selo caso, no BOE e DOCE, cumprimentando o impreso establecido ó efecto que será subministrado en calquera das oficinas bancarias de Caixa Galicia, así como nas Delegacións Provinciais da Consellería de Presidencia e Administración Pública e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

Os gastos de publicidade da licitación do contrato fixaranse no Cadro resumo.

- Acreditación do pagamento da licenza municipal de obras e, no caso de ser esixido polo Concello, o I.C.I.O. e o depósito dos avais que garanten a reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados.

### **3.7.2. Garantía definitiva.**

A garantía definitiva poderá constituírse en metálico o en valores públicos o privados, con suxeición, en cada caso, ás condicións regulamentariamente establecidas.

Tamén se poderá constituír mediante aval prestado, na forma e condicións regulamentarias, por algún dos Bancos, Caixas de Aforros, Cooperativas de Crédito, Establecementos Financeiros de Crédito e Sociedades de Garantía Recíproca autorizados para operar en España.

Tamén, se é o caso, poderá constituírse por contrato de seguro de caución con entidade aseguradora autorizada para operar no ramo de caución.

No caso de que o órgano de contratación adxudique o contrato a unha empresa incurso en baixa temeraria a garantía definitiva deberá ser do 20 por 100 do presuposto base de licitación.

En todo caso, a constitución da garantía definitiva deberá facerse con suxeición ás condicións establecidas no artigo 36 do TRLCAP e nos artigos 55 e seguintes do RXLCAP.

No suposto de que teña constituída unha garantía global conforme o establecido no artigo 36.2 do TRLCAP, seralle de aplicación o disposto neste.

No caso de amortización ou substitución total ou parcial dos valores que constitúen a garantía, o adxudicatario está obrigado a repoñelos na contía necesaria para que o importe da garantía non diminúa por este motivo, debendo quedar constancia documentada da dita reposición.

Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días contados desde a data en que se notifique ó empresario o acordo de modificación, para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da súa modificación.

No caso de que conforme ao artigo 36.3 do TRLCAP o órgano de contratación acorde o establecemento dunha garantía adicional, así se fará constar no Cadro resumo.

No suposto de que se estableza o sistema de garantía complementaria do artigo 36.5 do TRLCAP, farase constar no Cadro resumo.

Segundo o establecido no artigo 36 in fine do TRLCAP, as garantías aplicadas, de selo caso, conforme ó disposto neste precepto, non poderán superar por acumulación a porcentaxe do 20 fixada no apartado 4 do citado precepto.

### **3.7.3.- Documento de formalización.**

O adxudicatario queda obrigado a subscribir dentro do prazo de trinta (30) días naturais, contados dende o seguinte á data de notificación da adxudicación, o correspondente documento administrativo de formalización do contrato.

Tal documento deberá conter os requisitos esixidos polo artigo 71.3º e 4º do RXLCAP

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ó seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

A Memoria, os Planos, Pregos de Prescricións Técnicas e Cadros de Prezos do Proxecto, revestirán carácter contractual, polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade, polo adxudicatario, no mesmo acto da formalización do contrato.

### **3.7.4.- Réxime Xurídico do contrato.**

O contrato ten carácter administrativo e ámbalas dúas partes quedan sometidas expresamente ao Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, ao Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das administracións públicas e demais normativa de desenvolvemento

Tamén estarán sometidas, no non previsto no presente prego, ao de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de Obras do Estado aprobado polo Decreto 3854/ 1970, do 31 de decembro, en canto non se opoña ao disposto na Lei ou no Regulamento e disposicións anteditos.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas previa audiencia do contratista polo órgano de contratación, acordos que poñerán fin á vía administrativa, e contra os que caberá recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto na Lei reguladora da dita xurisdicción, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto no artigo 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común .

Rematada a vía administrativa, as cuestións litixiosas que poidan xurdir ente as partes substanciaranse ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de acordo co disposto no artigo 7 do TRLCAP.

### **3.8.- COMPROBACIÓN DO REPLANTEO DA OBRA E ACTA DE INICIO.**

Dentro dos 30 días seguintes á sinatura do contrato, practicarase o acto de comprobación do replanteo previo das obras extendéndose acta do seu resultado.

O contratista, salvo causa xustificada, deberá presentar no prazo de 7 días, a contar desde a formalización do contrato o programa de traballo actualizado e deberá incluír os datos referidos no artigo 144.3 do RCAP.

O programa de traballo deberá estar axustado ás datas reais da obra e deberá ser aprobado polo órgano de contratación no prazo dos 15 días seguintes á súa presentación.

A acta de comprobación do replanteo e os prazos parciais que proceda, fíxanse ao aprobar o programa de traballos se entenderán como integrantes do contrato.

Se na obra concorresen as circunstancias previstas na Lei 31/1995 e nos RD 39/1997 e 1627/1997 o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde.

### **3.9.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES.**

#### **3.9.1.- Execución das obras**

- As obras executaranse con estricte suxeición ao seu proxecto, ao Prego de Prescricións Técnicas Particulares, ás Cláusulas do presente Prego e seguindo as instrucións que en interpretación do proxecto dera ao contratista o facultativo director da mesma ou a **Dirección Xeral de Conservación da Natureza**.

- A execución das obras polo contratista, realizarase a risco e ventura do mesmo, e non terá dereito á indemnización por perda, avarías ou prexuízos ocasionados nas obras.

- Será por conta do contratista o importe dos gastos ocasionados como consecuencia das probas e ensaios que se realicen para o control de calidade.

- O contratista está obrigado a instalar á súa costa os sinais precisos para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupen os traballadores e os puntos de posible perigo debido á marcha daqueles, tanto en

dita zona como nos lindes e inmediacións, así como a cumprir as ordes e sufragar os gastos a que se refire a cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas xerais.

De acordo cos Servicios Provinciais, e atendendo ás características da obra, o contratista situará na mesma os carteis que se indiquen. A subministración e a colocación destes correrá a cargo do contratista dentro do orzamento de adxudicación das obras.

- Cando por atraso no comezo das obras, paralizacións autorizadas, prórrogas dos prazos parciais ou totais, ou por calquera outra causa xustificada se producise un reaxuste de anualidades, o contratista deberá aportar un novo programa de traballo adecuado ás novas circunstancias, que deberá ser aprobado pola Administración.

### **3.9.2.- Pago do prezo de adxudicación**

O pagamento do prezo e as súas variacións legais efectuarase contra certificación de obra expedida pola dirección técnica da mesma.

A tal efecto, a dirección da obra realizará mensualmente a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior e redactará a correspondente relación valorada de conformidade co disposto no artigo 148 do Regulamento Xeral da LCAP. Non poderá omitirse a redacción da devandita relación valorada mensual polo feito de que a obra realizada sexa de pequeno volume ou incluso nula, a menos que o Consellería de Medio Ambiente acordara a suspensión da obra.

Sobre a base da relación valorada o director da obra expedirá a correspondente certificación mensual antes do día 10 do mes seguinte.

Mediante petición subscrita polo contratista poderanse realizar aboamentos a conta de instalacións, acopios de materiais e equipos de maquinaria pesada adscritos á obra nas condicións e coas garantías que se determinan nos artigos 99.3 e 145 do TRLCAP e 155 a 157 do RXLCAP.

Os aboamentos ao contratista resultantes das certificacións expedidas teñen o concepto de pagamentos a conta, suxeitos ás rectificacións e variacións que se aproben na medición final e sen supoñer aprobación ou recepción das obras que comprende.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a precisa para executar as obras no prazo ou prazos contractuais, agás que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente. Sen embargo, ésto, salvo reaxuste de anualidade aprobada polo Consellería de Medio Ambiente, non lle dará dereito a percibir en cada ano calquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente. Polo tanto, os dereitos que os artigos 99 e 145 do TRLCAP e a cláusula 53 do Prego de Cláusulas administrativas xerais lle conceden ao contratista, non se aplicarán partindo das datas das certificacións como base para o cómputo do tempo de demora no pagamento, senón da época na que debeu ser satisfeito.

Os contratistas que teñan dereito de cobro fronte á Administración, poderán ceder o mesmo conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobro teña plena efectividade fronte á Administración, será requisito imprescindible a notificación fidelisimamente á mesma do acordo de cesión.

Unha vez que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pagamento terá que ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da Administración, os mandamentos de pagamento a nome do contratista surtirán efectos liberatorios.

### **3.9.3.- Revisión de prezos**

A súa procedencia acordarase de conformidade co disposto nos artigos 103 e seguintes do TRLCAP

De ser o caso, a formula de revisión aplicable será contemplada no apartado G do cadro resumo deste prego.

As revisións certificaranse independentemente da obra.

### **3.9.4.- Taxas de dirección**

De acordo co apartado co apartado 0.3) do artigo 24 do Decreto Lexislativo 1/1992, de 11 de abril, polo que se aproba o texto articulado das bases contidas no Capítulo 3º do Título II da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, descontarase sobre cada certificación cursada, o 4% do presuposto de execución material afectado pola baixa de licitación correspondente, en concepto de taxas por dirección e inspección das obras contratadas.

### **3.9.5.- Modificacións de contrato**

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razón de interese público nos elementos que o integran sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente e con suxeición ao disposto polos artigos 59, 101 e 146 do TRLCAP e ós artigos 158 ó 162 do RCAP.

Nin o contratista nin o director da obra poderán introducir ou executar modificacións na obra obxecto do contrato sen a debida aprobación.

Exceptúanse aquelas modificacións que, durante a correcta execución da obra, se produzan unicamente por variación no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas cubicacións do proxecto, as que poderán ser recollidas en liquidación provisional, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 por 100 do prezo do contrato. Non obstante, cando posteriormente á produción dalgunhas destas variacións houbera necesidade de introducir no proxecto modificacións doutra natureza, haberán de ser recollidas aquelas na proposta a elaborar, sen esperar para facelo á liquidación provisional das obras. Se existe modificación do contrato de obra, a empresa adxudicataria responsabilizarase que a medición reflectida no proxecto modificado é a necesaria para a total execución da obra, e polo tanto non poderán producirse presupostos adicionais ou excesos de liquidación salvo en casos excepcionais, previa autorización do órgano de contratación. Os erros de medición serán absorbidos por parte da empresa adxudicataria.

As modificacións na obra que non estean debidamente autorizadas pola Administración orixinarán responsabilidade do contratista.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 146 do TRLCAP.

Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse.

### **3.9.6.- Outras obrigas do contratista**

- Os gastos derivados da licitación, a formalización do contrato, os que sexan consecuencia da publicación do anuncio deste concurso nos medios de comunicación así como ós derivados da colocación dos carteis anunciadores das obras, segundo ás instrucións que ao efecto reciba da **Dirección Xeral de Conservación de Natureza**.
- As licenzas, visados e impostos municipais esixibles.
- As acometidas de servizos provisionais e/ou definitivas, acometida eléctrica, a obra civil do centro de transformación, a obra civil das canalizacións necesarias e a obra civil interior da caseta do centro de transformación e maquinaria.

- O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do establecido nas disposicións laborais, de Seguridade Social e de Seguridade e Saúde Laboral.
- - O adxudicatario está obrigado, así mesmo, a designar, á súa costa, unha vixilancia de obras, que prestará os seus servicios conforme ás ordes que reciba, tanto da Dirección Facultativa como da **Dirección Xeral de Conservación de Naturaza I**, ata a recepción das obras.
- O contratista responderá directamente de calquera reclamación que puidese formularse por calquera causa e por calquera persoa con motivo da execución das obras, xa sexa por pago de salarios, cotas de Seguridade Social ou indemnizacións de calquera tipo, xa sexa por pago de materiais ou obras subcontratadas, exonerando de todo tipo de responsabilidade á Comunidade Autónoma.

### 3.10.- SUBCONTRATACIÓN

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos nos artigos 115 TRLCAP, e ao respecto:

- Darase coñecemento por escrito á Administración do subcontrato a celebrar e as partes do contrato a realizar polo subcontratista.
- As prestacións parciais subcontratadas non excederan o 50 % do importe de adxudicación

O pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 116 TRLCAP.

### 3.11.- SUSPENSIÓN DAS OBRAS.

Se a administración acordara a suspensión das obras ou esta tivera lugar por aplicación do artigo 99.5 TRLCAP, levantarase unha acta na que se consignará as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato coas consecuencias sinaladas no *artigo 102 e 149 b) e c) do TRLCAP e 103, 170 e 171 do RXLCAP*.

### 3.12.- RECEPCIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE GARANTÍA

A recepción das obras deberá ser solicitada á Consellería de Medio Ambiente no momento da presentación da última certificación ordinaria de obra e efectuarase no mes seguinte á súa finalización instrumentándose nunha acta levantada ao efecto que subscribirán os asistentes convocados segundo o previsto na Lei de Contratos das Administracións públicas.

Se as obras non están en condicións de ser recibidas farase constar así na acta e o Director das mesmas sinalará os defectos atopados e fixará o prazo para corrixilos. Unha vez corrixidos os defectos ou transcorrido o prazo outorgado para facelo convocarase novamente a asistencia á obra e levantarase acta.

O Prazo de garantía das obras será o que se expresa no Cadro Resumo, computándose a partir da acta de recepción destas, sen prexuízo do establecido no artigo 147.3 in fine do TRLCAP.

No suposto de que por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servicio para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, estarase ó establecido no parágrafo 6 do artigo 147 do TRLCAP.

Durante o prazo de garantía, que se inicia no momento da recepción formal e positiva das obras, e será o fixado no apartado I do Cadro Resumo do presente Prego, o contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse e queda obrigado á conservación e policía das obras nos termos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas Particulares. No caso de detectarse defectos nese período, a Consellería de Medio Ambiente procederá a notificar os á empresa outorgándolle un prazo de subsanación dos mesmos. Transcorrido o



devandito prazo sen a reparación por parte da empresa contratista, o Consellería de Medio Ambiente poderá realizar as obras necesarias a costa da empresa. Os períodos outorgados para a subsanación de deficiencias interrompen o prazo de garantía.

Todos os gastos que se ocasionen pola conservación e policía das obras durante o período de garantía, ou non de ampliación deste segundo o artigo 147.3, in fine do TRLCAP, serán de conta do contratista, non tendo dereito a indemnización ningunha por este concepto.

### **3.13.- CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA E LIQUIDACIÓN DO CONTRATO.**

De conformidade co artigo 166 do Regulamento da LCAP, recibidas as obras e no prazo de un mes dende esa data, procederase a efectuar unha medición xeral da obra. A tal efecto, na acta de recepción o director da obra fixará a data para o inicio da medición quedando notificado o contratista para o devandito acto.

Sobre o resultado da medición o director da obra redactará a correspondente relación valorada e expedirá e tramitará a certificación final.

O pagamento desta certificación será a conta da liquidación do contrato.

Transcorrido o prazo de garantía o director das obras formulará a proposta de liquidación e a presentará á Administración para a súa aprobación.

### **3.14.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan nos artigos 111 e 149 do TRLCAP, acordándose polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, mediante procedemento no que se garante a audiencia a éste e cos efectos previstos nos artigos 113 e 151 TRLCAP e 110 a 113 e 172 do RXLCAP.

### **3.15.- RESPONSABILIDADE POR VICIOS OCULTOS**

O contratista responderá dos danos causados á Administración contratante como consecuencia dos vicios ocultos das obras nos termos establecidos no artigo 148 do TRLCAP.

A cantidade na que se concreten os danos será inmediatamente esixida ó contratista, procedendo, no seu caso, á súa execución pola vía de apremo.

## ANEXO I

### MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

- Don/Dona ..... : \_\_\_\_\_
- Veciño de..... : \_\_\_\_\_
- Con enderezo..... : \_\_\_\_\_
- Rúa/praza (nº)..... : \_\_\_\_\_
- Telefono e Fax..... : \_\_\_\_\_

#### (NO CASO DE ACTUAR EN REPRESENTACIÓN)

- Como apoderado de..... : \_\_\_\_\_
- Con enderezo en..... : \_\_\_\_\_
- Rúa/praza (nº)..... : \_\_\_\_\_
- N.I.F./ D.N.I. nº..... : \_\_\_\_\_
- Telefono e Fax..... : \_\_\_\_\_

Informado do anuncio inserto no Diario Oficial de Galicia.

- Número..... : \_\_\_\_\_
- Día/mes/ano..... : \_\_\_\_\_

e das condicións e requisitos para concorrer ao Concurso para adxudicar a obra de: \_\_\_\_\_

fai constar que coñece o proxecto e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que serven de base á convocatoria; que acepta incondicionalmente as súas cláusulas; que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e comprométese en nome de \_\_\_\_\_

(propio ou da empresa que representa), a tomar ao seu cargo as mencionadas obras, con estricta suxeición aos expresados requisitos e condicións, de acordo coa seguinte oferta:

#### SOLUCION:

- Prezo (en cifra)..... :	euros
- Prezo (en letra)..... :	euros
- Prazo ofertado.....:	días

(Data e sinatura do proponente)

## ANEXO II

D. \_\_\_\_\_ , con DNI nº \_\_\_\_\_ ,  
en nome e representación de \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, con domicilio social  
en \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, CIF. nº \_\_\_\_\_ como Apoderado da mesma.

### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1º.- Que nin (empresa ou interesado) \_\_\_\_\_, nin os seus representantes están incursos nas circunstancias sinaladas no artigo 20 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas como prohibicións para contratar coa Administración.

2º.- Que nesta data atópase ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.

3º.- Que nesta data atópase ao corrente do cumprimento das obrigas do Imposto de Actividades Económicas e non causaron baixa na matrícula do citado imposto.

Para que conste e aos efectos oportunos asina a presente declaración en \_\_\_\_\_  
a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ .

(sinatura)

ILMO SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE

<b>A</b>	<b>TITULO</b>	<b>EXPEDIENTE</b>
OBRA CONSTRUCCIÓN DUN PASO PARA PECES NA PRESA DO REI. CONCELLO DE NARON (A CORUÑA)		

## CADRO RESUMO

### PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

<b>B</b>	<b>CARÁCTER DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN</b>	ORDINARIO	<b>SISTEMA DE CONTRATACIÓN</b>	CONCURSO ABERTO
----------	--	-----------	--------------------------------	-----------------

<b>C</b>	<b>AUTOR DO PROXECTO</b>	Santiago García Sánchez e Ventura M. Torrado Ríos
----------	--------------------------	---

<b>D</b>	<b>ORZAMENTO DE CONTRATA</b>	264.335,08 €	<b>EN LETRA:</b> douscentos sesenta e catro mil trescentos trinta e cinco euros con oito céntimos
----------	------------------------------	--------------	---

<b>E</b>	<b>ANUALIDADES</b>	
2005	264.335,08 €	
2006		
2007		
2008		

<b>F</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>		
<b>GRUPO</b>	<b>SUBGRUPO</b>	<b>CATEGORÍA</b>	
E	7	d)	

<b>G</b>	<b>FORMULA DE REVISIÓN</b>
	-----

<b>I</b>	<b>PRAZO DE GARANTÍA</b>
	UN ANO DESDE RECEPCIÓN FORMAL E POSITIVA

<b>L</b>	<b>ADMISIBILIDADE DE VARIANTES (Si/Non)</b>
	NON

<b>M</b>	<b>GARANTÍA DEFINITIVA</b>
	4% do importe de licitación: 10.573,40

<b>H</b>	<b>PRAZO TOTAL: 5 MESES</b>			
<b>ANUALIDADES</b>	<b>2005</b>	<b>2006</b>	<b>2007</b>	<b>2008</b>
<b>XANEIRO</b>				
<b>FEBREIRO</b>				
<b>MARZO</b>				
<b>ABRIL</b>				
<b>MAIO</b>				
<b>XUÑO</b>				
<b>XULLO</b>	XXXX			
<b>AGOSTO</b>	XXXX			
<b>SETEMBRO</b>	XXXX			
<b>OUTUBRO</b>	XXXX			
<b>NOVEMBRO</b>	XXXX			
<b>DECEMBRO</b>				

	<b>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</b>
	15.03.342-A.601.03

<b>Ñ</b>	<b>GARANTÍA PROVISIONAL</b>
	EXENTA

<b>O</b>	<b>GASTOS DE PUBLICIDADE</b>
	Diario Oficial de Galicia (máximo 1.100 euros)